


O FÍO DE ARIADNA

Boletín da biblioteca do IES Marco do Camballón nº 2 maio 08



Aquí estamos outra vez, coa primavera ben entrada e as cores do verán que xa se adiviñan tralo horizonte. Certo que ata chegar alí aínda temos que pasar polos exames de xuño, mais, que lle imos facer; así é a vida, unha mestura de sabores doces e tragos amargos.

E para cada ocasión (as boas, as malas, as tristes, as alegres) e cada lugar (na casa, na praia, na praza, na montaña) sempre hai un libro disposto a facerche compañía.

Claro que non todos eles che dirán o mesmo; coas lecturas sucederache como coas persoas: levaraste mellor con unhas que con outras. Porén, seguro que nalgún andel agarda por ti un

compañeiro que che fará vivir momentos moi gratos.

Búscalo. Pasa pola “biblio” antes de que remate o curso e colle un libro (ou máis) para as vacacións. Como dixo Rick en “Casablanca”, quen sabe se non será o comezo dunha fermosa amizade.

Contidos

Recensións:

O señor das moscas

O libro das alquimias

Deux ans de vacances

Juicio a los humanos

*

Historias
do labirinto

*

Omnia vincit amor.

Especial
San Valentín

*

Mario Pereira
estivo aquí


*

23 de abril:
As aparencias
enganan

*

Novidades:

Libros,
Cine,
Web




William Golding, *Señor das moscas*, Sotelo Blanco, 1996

Un grupo de rapaces, únicos superviventes dun accidente aéreo, están nunha illa deserta. Atópanse completamente sós; deben defenderse, organizar a súa vida e sobrevivir sen a axuda dos adultos. O lume; as gafas de Piggy; dous bandos; enfrontamentos, liortas... Que quere dicir todo isto? Por unha banda o terror ao descoñecido e pola outra o desexo

de dominación acabarán anulando as normas de comportamento aprendidas e xurdirán os instintos que estaban agochados baixo os costumes civilizados. Esta é a historia dunha situación límite. Anímate a lela. Entrarás nun mundo cheo de aventuras, pasarás moito medo... Non te arrepentirás!! “O señor das moscas” agárdate.

María Fernández



Xesús Constela, *Libro das alquimias*, Galaxia 2007


O *Libro das alquimias* conta a historia dun rapaz de curta idade e como vai descubrindo ao longo do relato unha serie de sucesos que cambian a súa vida para sempre. A narración amosa a maxia escondida nos libros, o poder que estes teñen, como foron influíndo no decurso do tempo en moitos intelectuais de tódalas épocas, e como estes tamén foron presa

da historia. Mediante as chamadas “alquimias”, os libros móstranlle ao rapaz a evolución da cultura e como a partir do soño dun rei alexandrino se crea a biblioteca de Alexandría, a decadencia desta e a súa destrución polo xurdimento do cristianismo, con especial mención da “primeira” muller científica, Hypatia, que loitou por conservar o coñecemento e que acabou cun final trágico. O rapaz descubre todo isto a través dun misterioso vello que aluga o baixo do seu edificio e que agocha moitos segredos.

Iago Fernández

Jules Verne, *Deux ans de vacances*, Vicens Vives, 1999


A historia que se conta neste libro, por suposto, en francés, é a duns nenos dun colexio de Auckland, Nova Zelandia. Estes rapaces viaxan sós nun barco e ao atravesar unha tormenta naufragan e van dar a unha illa que, máis tarde, descubren que non é tal grazas á axuda dun globo. Nas súas andanzas coñecen unha moza que se chama Kate. Logo de dous anos de intrépidas peripecias conseguen volver á casa. Eu invítovos a ler este libro, xa que é unha aventura moi boa e tamén así podedes practicar a lectura en francés.



Pablo Cacheda

José Antonio y Eduardo Jáuregui, *Juicio a los humanos*, RBA integral, 2006

Desde os tempos do vello Esopo ata os modernos debuxos animados, os animais teñen saído a escena moitas veces para representar papeis que non reflicten os seus costumes e condutas senón as nosas actitudes. Dámoslles voz para que nos arremeden e rimos véndoos “facer o humano”. Esa é a esencia da fábula e o presente libro encádrase dentro desa milenaria tradición. Mais aquí, os personaxes toman a palabra para axustar contas coa nosa especie e falar da problemática convivencia que manteñen con nós –un drama que para eles pouco ten de comedia–. É xusto o trato que lles dispensamos ou procedemos como tiranos feroces? Por desgraza, os feitos que saen á luz no tribunal obríganos a pensar que o noso comportamento ten puntos sinistramente escuros. “Para algúns animais, todos os humanos somos nazis”, dixo unha vez o escritor xudeu Isaac Bashevis Singer. Por fortuna, tamén todos podemos ser Emilio, a derradeira testemuña en comparecer, e cimentar unha relación cos nosos compañeiros de planeta baseada no respecto pola vida e o sufrimento alleos: “Irmáns e irmás todas baixo a irmá lúa”.



Como verás na última páxina do *Fío de Ariadna*, na sección
"Abre os ollos" da nosa web podes ler oito entretidas e variadas
HISTORIAS DO LABIRINTO.

De propina, presentámosche dúas máis que non atoparás alí.



¿Quién construye ahora los laberintos?

Un día estuve encerrado en un laberinto del cual, con un poco de suerte, pude salir. Ya os habrán contado la historia. Muy trágica, ¿verdad?

Pero su final no siempre suele ser convincente; ya sabéis, se tiende a imaginar... Pues bien, si ya conocéis el desarrollo de esta historia no os lo repetiré de nuevo.

Lo que sí sobra recalcar es que las cosas no siempre son lo que parecen. Me explico: la razón por la cual fui apartado de la sociedad no fue la contada mitológicamente. No soy un monstruo, sólo que no fui considerado normal, y a mi defensa añadido que nunca comí a ningún humano. Si fuese verdad que yo soy un minotauro, ninguno de los dos seres por los cuales hipotéticamente mi cuerpo está compuesto son carnívoros; entonces, en caso de que fuese cierto, sería absolutamente vegetariano. Ya podéis convenceros un poco de que en mi caso tal exilio fue totalmente injusto.

Pero aun así recuperar mi libertad no me ha servido de nada, pues nos encontramos en una sociedad totalmente intransigente y especializada en un exilio un tanto más colectivo. Así, pues, pasé a tener un poco más de compañía y un grupo de amigos un tanto más grande. Fieles a nuestras ideologías y principios nos hacemos compañía mutuamente: negros, católicos, judíos, iraníes, musulmanes, occidentales, americanos, europeos, ellos y yo exiliados en este mundo, dentro y a la misma vez fuera.

Los laberintos también existen en nuestros corazones. Y nosotros somos sus perfectos arquitectos.

Carolina Pinilla

Unha horrible besta está sentada no sofá. Está lendo o xornal cando sinte uns pasos que se acercan polo angosto labirinto. Un home de melenaloura preséntase diante dela levando unha carta nunha man:

–Está o señor Minos Tauros?

–Si, son eu –fixo una pausa–. Quen pregunta?

–Ah, perdoe, son Teseo, avogado defensor. Veño a

entregarlle a denuncia de dous cidadáns atenienses que aseguran que vostede, cando viñeron para ser devorados, intentou abusar deles sexualmente.

–Eu? –contestou rapidamente– Pero, se non fixen nada –as súas palabras soaron con moito nerviosismo e viuse claramente que a mentira se reflectía no seu rostro–. Iso... iso son inxurias cara a miña persoa.

–Síntoo señor, pero teñen probas moi concluíntes. Creo que non pode facer gran cousa. Eu veño a ofrecerche... –pensou que podía ser mal interpretado e antes de que o Minotauro dixese nada engadiu– ...como avogado defensor.

–Pero eu... Cando vai ser o xuízo? Porque o meu padraστο, Minos, castigoume e non me quere deixar saír.

–Tranquilo, diso xa me encargo eu. Estudarei ben o seu caso... pero, dígame: é vostede culpable? –preguntou– Comprenda que necesito sabelo.

–Non sei. É posible. Enténdame! –suplicou– Eu levo aquí... –pensou– toda a vida... e as necesidades afloran. Eu pensaba –seguiu– que os atenienses cando dicían que farían calquera cousa para que non os comese se referían a iso, a calquera cousa. Creo que interpretei mal as sinais –explicou–.

–Farei todo o que estea nas miñas mans para axudalo –despediuse–. Déixolle a denuncia aquí, enriba desta pedra. Adeus –marchou–.

O Minotauro colleu a denuncia e leu:

«Informamos ao señor D. Minos Tauros que o pasado 1 de maio de 2008 foille posta unha denuncia no xulgado de Creta por dous cidadáns atenienses. Impútanselle os seguintes cargos: 1) Abusos sexuais; 2) Uso de violencia.

Os demandantes solicitan como indemnización o seu palacio e trinta anos de cárcere para o demandado. O caso será instruído polo xuíz A. P. G. no xulgado de Creta...»

O Minotauro decidiu non seguir, a pesar de que non o inquietou nada o que acababa de ler. El odiaba o seu palacio, e a cárcere... xa levaba toda a vida na cárcere.



Omnia vincit amor



"O amor todo o vence", como dixo,
hai máis de dous mil anos, o poeta Virxilio.
Pode que, ás veces, os vencidos sexamos nós,
pero aínda que saíamos un pouco magoados
esas son batallas que paga a pena loitar.
Velaquí unha proba: o que deu de si
o Día dos Namorados no Marco do Camballón.



Silvia al lado de tu piel
de cera la más plateada y hermosa
de las estrellas no tiene ni color
de miel
tus ojos son más hermosos que
un cielo estrellado
en plena noche de verano.
Para mí eres así, pues ocupas
el más grande hueco
en mi corazón.
Tú eres la más bella
y todas las demás son un grano
estampado en una seda.

Jano



- En mi jardín hay un rosál
con rosas rojas como la sangre,
al verlo me acuerdo de ti
y con él escribo tu nombre.
- Me paso la tarde allí
mirándolo y pensando en ti,
con tus ojos claros
y tu perfume a jazmín.
- Tu perfume que me envuelve
me traslada siempre allí,
allí donde las hojas duermen,
¿sigues pensando en mí?
- Por la noche lloro por ti
no sé qué piensas de mí
siento tu odio hacia mí
y no quiero perder mi vida así.
- ¡Amor! dímelo ya,
que es lo que quieres de mí,
deja de hacerme sufrir
o me quitaré la vida por ti.

Y. I.



Desde que te coñecín amor
cambiei un montón,
porque contigo meu amor
éncheseme o corazón.

Contigo comparto o mellor
do meu corazón,
bícote con paixón,
e penso que me queres moito
amor,
e sen embargo meu amor
queres a outro.

Pero só che quero dicir;
“thank you” sei vivir
agora so quero
que non esteas triste.

O motivo desta relación
es ti meu amor,
só quero que canda min
sexas moi feliz.

P. V.



Tú eres como la luna
que de noche me ilumina,
tú eres como el sol
que de día me da calor.
¿Quieres casarte conmigo?

B. P.



Non vivo pero non morro

Coñecina nunha noite de inverno
e dende aquela aínda a espero.
Non hai día que nela non pense,
Xa só vivo por ela.
O seu olor era como o dunha
mimosa
doce, invernál, radiante
e recendente.
Brisa suave de perfume dourado.
Xa non podo seguir en silencio
serás para min corpórea,
non serás un pensamento,
non seguirei sen ti en cada soño.
Farei o soño realidade
aínda con medo a que me rexeites
pero eu así non vivo, nin morro.
Estou prendado de ti
nin me soltas nin me matas.
Acaba dunha vez con este
sufrimento
marcha dunha vez do meu
pensamento
Non podo evitar estar de ti
prendado
Só podo dicir que de ti estou
namorado.

Daniel Cea

El conde Molinos

Estaba el conde Molinos
mañanita de San Juan
esperando ver a su amada
en su oscuro portal.
Con su moto Harley-Davidson
le canta un hermoso cantar
los vecinos que pasan
se paraban a escuchar.
–“Morena mía, iqué guapa estás!
Cada vez que te veo
mi corazón se pone a palpar.”
A ella, como hija de reyes,
con él no lo quieren casar
a él como macarra motero
le gustan muchas mujeres más.
¿Pensáis que algún día
juntos podrán acabar?

Pedro Gago



El amor es especial,
tener mucha amistad,
estar alegres,
tener con quien estar.
Tener con quien estar
es muy bonito,
pasarlo en compañía y con mucho
cariño.
El amor es genial,
amar a alguien es la mejor cosa
que puede pasar en este mundo.

D. M.

Todo precisa amor
e a todo ten dereito.

Estar namorado é
saber que non existen
fronteiras entre os
soños e a realidade.

Estar namorado é
ver unha luz no medio
da noite escura.

Okumii



El amor es tan bonito
que cuando estás enamorado,
te apetece hacerlo todito
con tu esperado amor.

El amor es tan especial
que nunca puedes jugar,
con tu enamorado
a una batalla naval.

El amor es tan perfecto
que si cometes un error,
podrás decir y disculparte
que es por culpa del amor.

R. F.

Tan bela que a mesma
 Helena non che gañaría
 Tan ardente que o mesmo
 Hades se abrasaría
 Tan sabia que a mesma
 Atenea ante ti se rebaixaría
 Tan loitadora que Ares
 contigo nunca se mediría
 Ti coroarías o Olimpo
 ti conquistarías ao mesmo Zeus
 Pero por sorte non es
 unha deusa e estás aquí,
 ao meu lado, aínda que agora
 as ondas da paixón
 non teñan separados.

A. C.

Poema

Solidaridad
 Amistad
 Naturalidad

 Verdad
 Alegría
 Leducia
 Encantamiento
 Natural
 Tuya
 Inteligencia
 Novio

M. J. L.



Si al besarte muero
 no me importa;
 pues moriré envenenada por tu amor,
 y así podré yacer
 a tu lado,
 esta noche,
 y mil noches más.

Amor; hermosa palabra
 hecha para engañar al
 corazón.

Rebecca Rey

Trágico amanecer

Una mañana cuando el sol,
el radiante sol de oriente,
toca la preciosa cabellera
 dorada de ella,
dos amantes se despiertan.

Tras la noche mágica y apasionada,
se dan cuenta de su terrible error:

–“Mi pequeña Cenicienta,
no temas al amor.
Seguiré a tu lado cuando vuelva,
seguiré a tu lado sin temor.”

Ella lo siente, lo ama y lo admira,
pero sabe que el destino es dolor,
que la muerte es certeza cada día,
mañana en la batalla, de nuevo
 el temor.

–“Mi pequeña Cenicienta, no temas
 al dolor,
cada día yo te beso, tú me esperas,
ni las flechas ni la espada
 ni el alcohol
podrán evitar mi pasión.”

Pero la Parca remató sus telas,
los hilos sin vida dejó,
la muerte que a nadie olvida,
del amor y el honor los despojó.

Un nuevo día amaneció,
el mensajero las puertas
 de la ciudad atravesó,
y con su llegada, la mayor desdicha,
la mayor desdicha a Cenicienta
 provocó.

Ella, rota de dolor y desesperación,
entró en su casa y un cuchillo cogió
lo escondió en su mantón y,
segura y decidida, la colina llorando
 subió.

Cuando a la cima sucia y casi en
 harapos llegó,
buscó unas piedras y algo escribió;
cogiendo en mano, el afilado cuchillo
 clavó
y gritó a los cuatro vientos –“¡¡Por
 ti lo hago mi amor!!”

S. R./M. T. V.



Dos enamorados fueron a hacer el amor
al descampado del padre Licanor
cuando el padre los sorprendió al lado de una flor
el padre les gritó como un ruiseñor.
Los dos enamorados fueron a otro sitio donde servir al amor.

B. C.

Quisiera ver contigo
esa puesta de sol
que se puede divisar
frente al mar.

Caminar por la orilla
y sentir como las olas
nos acarician nuestros pies.
Sentarnos en una roca
y poder ver las gaviotas
y su hermoso cantar.

Y por eso yo te digo:
Si yo fuera mar
y tú una roca
haría subir la marea
para besar tu boca.

S. S.



Cuando te veo
mis ojos brillan
como el sol
me refleja una luz brillante
que es como un corazón.

Yo te quiero mi amor,
mi alma está llena de amor.

Cuando te veo las palabras
se me quedan en la garganta
como una luz que no brilla.

Yo te quiero mi amor
mi alma está por tu corazón.

B. T.



Por mucho que quiera
no puedo salir.

Por mucho que lo desee
no puedo abrir.

Tengo que quedarme dentro
para siempre.

Me olvido de la idea de vivir.
Estoy obligada a sufrir
y pronto lo estaré a morir.

Mi vida fugará
se irá
y nunca volverá.

Sólo tú puedes cambiar esto
pero no estás despierto.

Ya nada puede cambiar.
Sólo te tengo que esperar
pero tú nunca vendrás.

Te has ido
me has dejado

me lamento de perderte
tan sólo hace un momento
como me lamento de estar
perdiendo
la única oportunidad que tengo.

Ya está,

es la hora,

hasta otra.

Lola



O pasado 14 de abril recibimos a visita de MARIO PEREIRA.

O autor de *Velaí vai o verme* e *Contos para Manuela* compartiu co alumnado de 3º DC unha hora de entretida charla na que contestou a numerosas e moi interesantes preguntas. Pasamos unha tarde marabillosa e, ademais, ti-

vemos o privilexio de escoitar, na voz do propio autor, un anaco da obra que está a escribir agora mesmo.

Grazas, Mario.



PARABÉNS, JULIA!



Porque fuches a primeira en resolver o misterio que propuxemos o pasado Entroido.

En efecto, era o Principiño, o inesquecible personaxe de Antoine de Saint-Exupéry, a quen o boneco quería parecerse.



Por que se escolleu o 23 de abril para celebrar o Día Internacional do Libro?

Porque nesa data do ano 1616 morreron nada menos que Miguel de Cervantes e William Shakespeare, os escritores máis famosos e recoñecidos das linguas castelá e inglesa.

Non obstante, a coincidencia é só aparente, pois en realidade **non morreron o mesmo 16 de abril de 1616**. E logo, cantos 16 de abril tivo aquel ano? Moi sinxelo: dous.

Na época de Xulio César, o nomeado político da antiga Roma, o cómputo do tempo andaba moi revoltado e Xulio encomendou a un sabio grego que puxese orde na cronoloxía. O home traballou arreo e a reforma entrou en vigor no ano 46 a.C. Na honra do seu promotor, o novo calendario foi chamado xuliano. No entanto, os cálculos tiñan un pequeno defecto: cada ano do calendario xuliano duraba once minutos máis que o ano astronómico real. Non parece que once minutiños repartidos en doce meses merezan moita preocupación; porén, conforme se amoreaban as décadas a diferenza non paraba de engordar e á Igrexa non lle cadraban as contas para fixar a data da Semana Santa. O caos medrou tanto que no século XVI o papa Gregorio XIII promoveu una nova reforma do calendario que quitase os días sobrantes, que daquela xa eran dez.

Así se fixo e nos países católicos –España entre eles– a xente foise á cama na noite do xoves 4 de outubro de 1582 e ergueuse na mañá do venres 15 de outubro de 1582. Iso si que foi durmir!

Non obstante, os países de confesión protestante ou ortodoxa seguiron a rexerse durante moito tempo polo vello calendario xuliano –Inglaterra, por exemplo, non adoptou o gregoriano ata 1752–. En consecuencia, e volvendo ao noso punto de partida, cando en España amenceu o 23 de abril de 1616, os almanaques de Londres amosaban a data do 13 de abril de 1616.

Por outra banda, cando dez días despois os ingleses choraban a Shakespeare, na Península Ibérica xa era o 3 de maio de 1616.

E todo isto sen contar que se ben o enterramento de Cervantes quedou rexistrado o sábado 23 de abril de 1616 –do calendario gregoriano–, o autor de *Don Quixote* morrera o día anterior, venres 22.



NOVIDADES

LIBROS





Eduardo Mendoza, *El asombroso viaje de Pomponio Flato*, Seix Barral, 2008.

Divertidas andanzas e penurias dun cabaleiro romano na provincia imperial de Palestina no limiar do primeiro século da nosa era. O presunto asasino dun rico cidadán agarda a execución. Porén, o bo de Pomponio demostrará que as cousas non son o que parecen. Nas súas pescudas coñecerá varios personaxes que, co paso do tempo, chegarán a ser moi famosos.

Marguerite Yourcenar, *Memorias de Adriano*, Edhasa, 2006

Autobiografía novelada do emperador romano Hadriano que ao final da súa vida e ante a inminencia da morte reflexiona sobre a súa condición de home e de estadista nunha longa carta dirixida ao seu sobriño e sucesor Marco Aurelio. Unha obra mestra da literatura tecida cunha cegadora intelixencia e unha profunda sensibilidade.





Ramón Carredano Cobas, *Veleno tinto*, Xerais, 2008

Galiza, século XIV. Os partidarios do Papa e os do rei xúntanse nun castelo de Noia, nun intento por solucionar as súas diferenzas políticas. Alí, alguén intenta asasinar ao bispo de Compostela; ou iso parece. Só un home será quen de resolver o misterio: Frei Samuel, un monxe máis afeccionado aos praceres terreaes ca aos exercicios espirituais.

***Proteger la tierra. Enciclopedia del medio ambiente*, SM, 2007**

Unha visión moi completa dos problemas que afronta o planeta en que vivimos, debidos en boa parte á actividade humana. Pero aínda está na nosa man lograr que non se cumpra a profecía do xefe indio Xerónimo: “Cando xa non queden árbores que talar, nin peixes que pescar, nin ríos que envelenar, decataredesvos de que os cartos non se comen”.




Paul Cartledge, *Termópilas. La batalla que cambió el mundo*, Ariel, 2007

As guerras médicas, libradas entre Grecia e Persia nos comezos do século V a.C., foron un punto de inflexión na historia europea. Nese marco, a batalla das Termópilas constitúe un episodio de características novelescas; máis dubidoso é que tivese a importancia que o autor lle outorga. Con todo, é un libro serio, baseado con solidez nas fontes antigas.

Marjane Satrapi, *Persépolis*, Círculo de lectores/Norma, 2007

Cómic autobiográfico no cal a autora narra a súa experiencia vital, tanto no seu país de orixe, Irán, como en Europa. A través da traxectoria persoal da guionista e debuxante, convertémonos en espectadores dalgúns aspectos da axitada historia da Persia contemporánea, desde os anos finais da monarquía ata o actual réxime islámico dos aiatolás.



NOVIDADES



CINE




EL PIANISTA. Roman Polanski, Francia, 2002.

Wladyslaw Szpilman é un pianista que traballa na radio de Varsovia. Cando o exército alemán ocupa Polonia, lévano ao gueto onde os nazis concentran á poboación hebrea. A situación empeora e toda a súa familia é enviada a un campo de exterminio. Wladyslaw logra escapar á deportación, pero as súas desventuras non rematan alí.

EL NOMBRE DE LA ROSA. J. J. Annaud, Francia, 1986.

Ano 1327. Unha estraña serie de crimes sucédense nunha abadía. Moitos dos monxes pensan que é obra do demo e chaman a un inquisidor. Porén, un deles cre que as mortes teñen causas máis terreais e investiga para atopar o asasino. A solución do misterio parece agocharse nalgún lugar da labiríntica biblioteca do mosteiro.




LA VIDA ES BELLA. Roberto Benigni, Italia, 1998.

Guido é un mozo que chega á cidade coa idea de abrir unha librería. Alí, namórase dunha rapaza, Dora, e decide conquistala como sexa. Consíguelo, casan e teñen un fillo. Pero comeza a guerra e Guido mailo cativo son confinados nun campo de concentración. O pai fará o imposible para que o neno crea que todo é un xogo.

TIERRA. A. Fothergill/M. Lindfiel, RU-Alemania, 2007

Un canto á fermosura do noso planeta e, ao mesmo tempo, unha chamada de atención acerca do perigo que algunhas actividades humanas supoñen para o fráxil equilibrio da vida. Unha viaxe fascinante por ambos os dous hemisferios ao longo das catro estacións do ano, filmada cos mellores medios técnicos.



AMÉN. Costa Gavras, Francia-Alemania, 2001.

Kurt Gerstein é químico e militar de carreira. Durante a guerra recibe o encargo de subministrar gas Zyklon B aos campos de exterminio nazis, mais o que ve alí horrorízalo. Recibe axuda dun xesuíta e ambos procuran denunciar e parar as matanzas. Con todo, as portas ás que chamen permanecerán pechadas.

FAHRENHEIT 451. François Truffaut, RU, 1966.

Estamos no futuro e nunha sociedade onde os libros están prohibidos polo goberno. Montag é bombeiro e o seu traballo consiste xustamente en queimar aqueles que algunha xente oculta nas súas casas. Un día, a curiosidade lévalo a ler un. Desde entón, a súa vida cambiará radicalmente e deberá elixir entre seguridade e liberdade.




NOVIDADES

Web



www.camballon.com sección "abre os ollos"



Historias do Labirinto

Moitos son os escritores que sentiron fascinación pola antiquísima lenda cretense do labirinto e o seu solitario inquilino, o Minotauro, monstro para uns, vítima para outros. Agárdante aquí oito historias – saídas da imaxinación, entre outros, de Méndez Ferrín, Suso de Toro ou Carlos Casares– que recrean o vello mito desde diversos puntos de vista. E unha pequena lista de suxestións con obras para ver e ler que atoparás na “biblio”.

Especial Día dos Namorados

“Amor, invicto na batalla”, dicían os gregos, inclinándose ante o máis poderoso dos deuses. E quen non sentiu algunha vez o corazón ferido polas frechas do terrible neno alado? Toda defensa é inútil. Por moito que queiramos protexernos, sempre nos collerá desprevidos. Aquí poderás ler catorce historias de parellas que demostran que o amor e unha forza de formas infinitas e tan vigorosa onte como hoxe. Ah, e tamén atoparás varias suxestións para o entendemento e os sentidos.



Colaboraron neste número:

María Fernández, 4ºA; Iago Fernández, 4ºB; Pablo Cacheda, 3ºA; César Fernández, 1ºB BACH;
Carolina Pinilla, 1ºB BACH; Álex Senín, 1ºA; Yolanda Iglesias, 4ºB; Patricia Varela, 4ºB;
Bran Pampín, 1ºA; Daniel Cea, 4ºB; Pedro Gago, 1ºA; David Mazás, 1ºA; Julia Portas, 3ºA;
Rebecca Fernández, 1ºA; Abel Cea, 4ºB; María José Louzao, 1ºA; Rebecca Rey, 1ºB BACH;
Sandra Rey, 4ºB; María Teresa Vázquez, 4ºB; Bruno Castro, 1ºA; Silvia Santos, 1ºA;
Bárbara Torres, 1ºA; Dolores Pallares, 1ºB BACH; Lucía Puentes